



Concello do Porriño

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA FACILITAR O TRANSPORTE ADAPTADO E POSIBILITAR O ACCESO A ACTIVIDADES ORGANIZADAS NO CENTRO DO REBULLÓN-ANO 2024.

Expte. 7021/2024

REUNIDOS NA DATA EXPRESADA NA MARXE:

Dunha parte, Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, con D.N.I. nº 76907670-V, na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. *(artigo 21 redactado polo apartado 1 do artigo primeiro da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local)*

Doutra,

Don Anxo Antón Queiruga Vila, con D.N.I. 76778938-Q actuando en representación da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) co CIF G32115941 no seu nome e representación como interlocutor válido ante as institucións e organismos oficiais, públicos e privados en virtude das facultades conferidas por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 26/05/2023 na que foi nomeado Presidente da entidade.

Os comparecentes , no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio e formulan os seguintes exponendos:

1.- A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) G32115941 é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como propósito conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade e como misión a defensa e promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en todo o territorio de Galicia.

2.- No ano 2017 pon en funcionamento un centro de recursos para a discapacidade no recinto do antigo hospital do Rebullón, dotado dun centro de día, un centro terapéutico ocupacional e unha vivenda tutelada. Dende o centro préstanse servizos de apoio e asesoramento en accesibilidade, servizo de transporte adaptado, apoio ao movemento asociativo, fisioterapia, terapia ocupacional, apoio psicolóxico e logopedia.





3.- Os obxectivos do proxecto a subvencionar son: Posibilitar o acceso das persoas con discapacidade do concello de O Porriño ás actividades organizadas dende o centro de Cogami Rebullón e dotar dos apoios necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades que alí se realizan. O número de beneficiarios neste momento é de oito persoas destinándose a subvención que se propón aos gastos derivados da contratación dunha coidadora-condutora para os traslados.

4.- Esta asociación é a única destas características no noso municipio e a acción promovida é unha acción de gasto singular polo que non é posible acudir ao procedemento ordinario de subvencións, dada a inexistencia de outros obxectos de análoga categoría susceptibles de ser subvencionados no término municipal, polo que poderíamos catalogar o expediente de “excepcional” Tamén se entende que as accións promovidas polo convenio que se pretende asinar con Cogami contribúen á integración das persoas con discapacidade. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.a) do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta subvención cumpre asimismo cos requisitos establecidos no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións para aquelas que consten nominativamente consignadas nos orzamentos municipais.

5.- Respecto á dotación orzamentaria do presente convenio, consta nominativamente consignada con cargo á aplicación orzamentaria 231.4800002 cun importe de 6.000€.

6.- A asociación presenta unha conta xustificativa composta polas nóminas e seguridade social da condutora-coidadora da que imputan unha porcentaxe a o convenio que se pretende asinar por importe de 6.000 euros, os certificados de inexistencia de débedas tributarias e seguridade social e demais documentación conforme non existe concorrencia de outras subvencións para a mesma finalidade.

En consideración a todo o exposto, é vontade das partes asinantes celebrar un convenio de colaboración de acordo aos seguintes artigos:

TÍTULO I

Artigo 1. Obxecto e vixencia do convenio.-

Obxecto:

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Concello do Porriño e COGAMI.





Concello do Porriño

Dita colaboración centraráse no apoio económico para o transporte adaptado dirixido a posibilitar o acceso ás actividades organizadas dende COGAMI no centro do Rebullón e os apoios necesarios no coidado, atención e desenvolvemento das actividades, en concreto os gastos derivados da contratación dunha condutora-coidadora.

O Concello colaborará economicamente coa asociación e a través da sinatura do presente convenio para os gastos especificados cunha aportación de 6.000,00 euros.

Vixencia:

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura. Admitirase no presente convenio gastos anteriores á data da súa sinatura correspondente a actuacións levada a cabo dende o 1 de xaneiro de 2024, por tratarse dunha subvención post-pagable.

TÍTULO II **BENEFICIARIO.- DEREITOS E OBRIGAS.-**

Artigo 2.- Obrigas do beneficiario.

A asociación terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona U(permisos, autorizacións, licenzas, etc)

Son obrigas do beneficiario:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberá renunciar a ela de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentó a concesión da subvención.
3. Cumprir todas as condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando canta información se lles solicita no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
5. Dar conta ó Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.





6. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
7. Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
9. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
10. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
11. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar ós departamentos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que se achán ao corrente das súas obrigas Tributarias.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN PARTICULARES.

Artigo 3. Relacións laborais.

COGAMI deberá cumprir coa normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal da entidade, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle ao beneficiario , si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

Artigo 4. Difusión do acordo.

A asociación fará constar do xeito máis amplío posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis,





edicións ou calquera medio de difusión o acordo con esta institución.

Artigo 5. Seguros civís .

A entidade queda na obriga, de ser necesario, de ter os seguros civís que esixa a normativa vixente. O concello poderá, si así o estima oportuno, facer as comprobacións pertinentes a este respecto e solicitar copia de ditos documentos.

GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO.

Artigo 6.- Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido no presente convenio. No presente caso a finalidade se concreta nos gastos derivados da contratación dunha condutora-coidadora durante o ano 2024.

Artigo 7.- Importe e imputación orzamentaria.

O Concello comprométese a conceder directamente á asociación unha subvención por importe de seis mil euros (6,000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 231.4800002 do vixente orzamento municipal e documento RC nº15433.

Artigo 8.- Xustificación. -Gastos subvencionables.-

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da **conta xustificativa**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Consta no expediente a presentación previa da conta xustificativa por parte de COGAMI composta pola seguinte documentación:

- Memoria de actuacións
- Memoria económica
- Certificación de compatibilidade de subvencións.
- Certificados vixentes de inexistencia de débedas tributarias e fronte á seguridade social.

Artigo 9. Pago.





Á sinatura do convenio e unha vez fiscalizada a conta xustificativa presentada polo servizo de intervención, realizarase o pago íntegro do importe total subvencionado.

COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

Artigo 10.- Comisión Mixta.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido do Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes da Entidade beneficiaria da subvención e dous representantes municipais, actuando como presidente da mesma o alcalde-presidente do Concello do Porriño. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran plantexarse durante o desenvolvemento do convenio.

PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

Artigo 11. Reintegro.

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 da Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ó procedemento establecido no artigo 42 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da Lei.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 12. Infraccións e Sancións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.





Concello do Porriño

No caso de incumprimento por parte da asociación dos artigos deste convenio, ben por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro da cantidade a conta recibida.

Artigo 13.- Normativa aplicable e xurisdicción.-

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Aínda que o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, si que se observarán os principios desa lei coa finalidade de resolver as dúbidas e omisións que se puidesen presentar.

A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data sinalados no mesmo.

(asinado dixitalmente á marxe na data expresada polo alcalde-presidente) . Asinado dixitalmente na data expresada polo representante legal de COGAMI.

